***TEMA 5 Aplicacións axeitadas para empregar no proxecto.***

Como xa dixemos no tema 3 imos dividir o noso proxecto en varias etapas o fases. Nestas fases que propuxemos nese tema fixemos un agrupamento de varias delas polo que pode que noutras fontes atopedes outras distintas. A ABP é tan ampla que sería de todo xeito imposible abordala nunha formación con esta duración.

Agora que xa sabemos o que é ABP, AEM, coñecemos os dispositivos móbiles máis comúns, etc imos tratar de coñecer algunha aplicación para eses dispositivos que nos permita traballar de xeito cooperativo co alumnado e tamén entre eles mesmos.

Máis alo de falar de Google como ferramenta de busca imos falar de 4 aplicacións (unha delas pertencente a Google) que na miña opinión son fundamentais para traballar nun proxecto:

- Evernote: destinada á organización do traballo colaborativo
  - https://play.google.com/store/apps/details?id=com.evernote
- Google Keep: destinada a toma e organización eficiente de notas
  - https://play.google.com/store/apps/details?id=com.google.android.keep
- Pinterest: redes social con infinidade de recursos (sobre todo visuais)
  - https://play.google.com/store/apps/details?id=com.pinterest
- SimpleMind: destinada creación de mapas conceptuais de xeito moi doado
  - https://play.google.com/store/apps/details?id=com.modelmakertools.simplemindfree

Existe unha app chamada Project Foundry especialmente deseñada para o traballo por proxectos que inclúe innumerables opcións pero a súa contorna operativa pouco intuitiva non a fai idónea para o traballo en primaria ou secundaria. Nela podedes organizar desde a pregunta inicial ata a avaliación, pero traballar con ela requiriría dunha formación específica.




Case podemos afirmar que Evernote é a app perfecta para nós. Basea o seu funcionamento na toma de notas e sobre todo o que podemos facer con ditas notas.

Estas notas están organizadas no que Evernote denomina "Libretas" e dentro de cada una dela tomamos as notas que desexemos.



Evernote non entende por nota só un pequeno escrito cun concepto senón que directamente da a opción de facer unha foto, nota de audio, fotografía, escrito a man ou co teclado, etc.



Coas sucesivas actualizacións de Evernote fóronse engadindo novas funcións. As máis interesantes delas son as que precisamente nos interesan a nós: as que permiten traballar en equipo. Estas funcións son “Compartidas” e “Work Chat”.



A función de “Compartidas” traballa do seguinte xeito:

- Creamos unha nota
- Prememos en compartir e Evernote comparte esa nota mediante a nosa conta de correo asociada a esta app
- Apareceralle a persoa coa que compartimos tanto no seu correo como na sección “Compartidas” do seu Evernote.




A outra opción interesante é “Work Chat” (charla de traballo). Funciona dun xeito semellante ao como o fan os grupos de aplicacións como Whatsapp. Engadimos os contactos das persoas cos que imos organizar o traballo e xa podemos comezar a falar con eles.






Para moita xente Keep e Evernote son rivais. Ambos fundamentan o seu funcionamento na toma de notas pero Keep dun xeito moito máis básico que Evernote, aínda que tamén podemos tomar notas de voz, fotografía, etc o que máis nos interesa desta app e a súa disposición das notas unha vez tomada.

Fai interesante o seu uso incluso para poder compartir unha captura de pantalla destas notas co resto de participantes do proxecto.



Pinterest é a rede social máis visual que podemos imaxinar. Tan só temos que buscar o concepto sobre o que queremos ter para acceder a milleiros de recursos que seguro poderemos empregar no noso proxecto.




Pinterest funciona co que eles denominan "Pins". Se aplicamos un pin a unha destas imaxes pasará directamente a formar parte do noso taboleiro e así iremos filtrando e seleccionando contidos que imos empregar no proxecto.

Estes taboleiros son accesibles ao resto de usuarios de Pinterest polo que incluso podemos usalo para que o resto de participantes do proxecto teñan acceso a estes contidos xa filtrados.

Na vindeira imaxe podedes ver taboleiros creados por usuarios e engade a opción de seguir ese taboleiro e ver as novas imaxes que se van engadindo.




Confederación Intersindical Galega
ENSINO
as.pg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

Simplemind probablemente é a ferramenta máis doada para realizar mapas conceptuais no noso móbil ou tableta.

É tan doado que practicamente tan só temos que escribir os conceptos. De feito só temos que preocuparnos diso xa que temos incluso a opción de que a propia app vaia colocando as diferente polas do mapa aínda que temos a opción de poder colocalas nos mesmos onde desexemos.

Confederación Intersindical Galega ENSINO
as.pg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA




Aínda que o uso de Simplemind é incriblemente doado é moi versátil xa que podes cambiar o deseño do mapa tantas veces queiramos, cores, contornas dos conceptos, eliminar e inserir novos puntos, etc,

